

chegou venres 29/04/11




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



axenciaurbanística
AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

D. Daniel López Vispo
(e/r de ADEGA)
Avda. das Fontiñas 180, Ent
27003 -Lugo



Asunto
NOTIFICACION AUDIENCIA AO INTERESADO - REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES
EXTRACTIVAS

Expediente número IU3/64/2010


Nesta Axencia de Protección da Legalidade Urbanística tramitase o expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas obras consistentes en REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRACTIVAS, que se levan a cabo en Lugar O Pedroso Pacios, no termo municipal de Begonte, provincia de Lugo.

Concluída a instrución do procedemento e de conformidade co disposto no artigo 209.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e no artigo 84 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, acordase poñer de manifesto o expediente nas dependencias da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, sitas no edificio Witland, na rúa dos Camiños da Vida, s/n, andar 1º, na cidade de Santiago de Compostela, nas que poderá examinalo e, no prazo de dez días hábiles, poderá alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Achégase con este escrito copia do informe sobre o expediente de reposición da legalidade urbanística elaborado en data 25 de abril de 2011,

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2011

A Inspectora urbanística


Rocio Blanco Rey



Erimsa

Localización da actividade

Lugar do Pedroso, Pacios, Begonte (Lugo)

INFORME SOBRE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Expediente número IU3 64/2010

Visto o expediente de reposición da legalidade urbanística incoado de conformidade co disposto no artigo 214 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante, LOUG), emítese o seguinte INFORME:

1.- Feitos probados.

Do expediente tramitado resulta comprobado que:

a) A empresa ERIMSA está levando a cabo labores extractivos para a súa comercialización, no lugar do Pedroso, Pacios, no termo municipal de Begonte, segundo resulta da visita de inspección practicada o 11 de agosto de 2009.

b) No informe técnico emitido polo Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural da Universidade de Santiago de Compostela, elaborado en outubro de 2009, constátanse os seguintes datos:

- Os fotogramas dos voos de 1955-1957 mostran que a área obxecto do presente informe estaba composto por un nutrido conxunto de lagoas e charcas de gran valor natural.
- No ano 1987 a empresa ERIMSA se fai cargo da explotación "Villalba I", cuxa actividade se intensifica extremadamente no ano 1995 tal como se aprecia no voo aéreo desa data, que mostra un fronte continuo de explotación ao sur da autovía A-6, dende as proximidades do río Ladra ata 2 quilómetros en dirección este.
- No voo correspondente aos anos 1999-2000 compróbese que a actividade da empresa ERIMSA se centra na áreas situadas ao norte da autovía, mentres que as escavacións que quedan ao sur son abandonadas, de modo que as superficies antes espidas comezan a ser colonizadas por maleza e arborado, con excepción dun cráter aberto.
- A ortoimaxe Sixpac correspondente ao ano 2003 permite apreciar como a explotación situada ao norte da A-6 continúa avanzando a un ritmo elevado, mentres que na zona sur as áreas perturbadas foron repoboadas con especies forestais, quedando o cráter completamente tapado no ano 2007.



- Non obstante, entre os anos 2007-2009 se reactiva a actividade extractiva ao sur da autovía A-6, diferenciándose tres superficies de afección: no oeste a zona A de 5,079 ha. e a zona B de 1,422 ha., e ao este a zona C de 1,530 ha., xerando unha superficie de afección total de máis de 8 ha. sobre o LIC-ZEPVN Parga-Ladra-Támoga.

c) A finca na que se realizan as actuacións é a parcela 250 do polígono 25 do Concello de Begonte (referencia catastral núm. 27007A025002500000GP), situada ao sur da autovía A-6, e figura inscrita a nome de MVMC de Pacios.

Mediante contrato privado de arrendamento asinado o 22/2/2007, a Xunta Rectora do Monte veciñal en man común de Pacios-Begonte arrenda os terreos nos que se emprazan as actuacións á empresa Erimsa para a extracción e aproveitamento de zaborras.

d) Na ortofoto do SIXPAC da zona onde se están a levar a cabo as actividades extractivas obxecto deste expediente, correspondente ao período 2002-2003, apréciase que a actividade extractiva está en activo na zona norte da autovía A-6, mentres que na zona sur atópase inactiva. A mesma situación se observa na ortofoto correspondente ao ano 2007.

e) Mediante resolución de data 10 de xullo de 1995, o delegado provincial da Consellería de Industria e Comercio en Lugo acordou conceder autorización para explotación de canteira de cuarcita (Sección A) á entidade Erimsa, nunha extensión de dous hectáreas e cunha duración de cinco anos.

f) Segundo informe da arquitecta municipal do Concello de Begonte de 6 de setembro de 2010, *"la parcela de la cual se solicita informe, calificada como suelo no urbanizable común, se encuentra dentro de la delimitación de RED NATURA 2000, si bien la empresa Explotación de Rocas Industriales y Minerales, S.A., ERIMSA, dispone, por resolución de la Alcaldía de fecha del 8 de marzo de 1999, de LICENCIA MUNICIPAL para el TRATAMIENTO DE ARENAS FINAS Y CUARZO EN MINA VILLALBA I, Nº 5511 (na estrada N VI, km 524,400) tramitada según Decreto 2414/1961, de 30 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas (RAMINP)"*.

Consta no expediente licenza urbanística municipal outorgada en data 3 de xuño de 2010 para ampliación de planta de tratamento de areas finas e cuarzo para fabricación de areas para morteiro e formigón na explotación Villalba nº 5511 sita na estrada N VI, qm 524. Segundo o proxecto presentado, as obras permitidas se desenvolverán ao norte da autovía A-6 en terreos clasificados como solo non urbanizable.

g) As obras extractivas levadas a cabo en mina Villalba nº 5511, estrada N VI, km 524,400, tanto na zona norte como na zona sur da autovía A6, carecen de

autorización urbanística da Comunidade Autónoma e de licenza urbanística municipal, salvo a ampliación de planta autorizada o 3 de xuño de 2010.

g) Os terreos sobre os que se levan a cabo as actuacións están cualificados como solo non urbanizable común, segundo as Normas subsidiarias de planeamento municipal do Concello de Begonte, aprobadas definitivamente en data 4 de abril de 1997.

E asemade, os terreos emprazados ao sur da autovía A6, concretamente na parcela 250 do polígono 25 do Concello de Begonte, atópanse incluídos dentro do espazo protexido denominado Lugar de Interés Comunitario LIC ES 1120003 Parga – Ladra – Támoga, incluído na Rede Natura 2000.

2.- Réxime xurídico aplicable.

De conformidade coa disposición transitoria primeira, apartado f), da LOUG, os plans de ordenación aprobados definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei, como é o caso, conservarán a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a esta lei, e ao solo clasificado polo planeamento vixente como non urbanizable ou rústico aplicaráselle integramente o disposto na LOUG para o solo rústico.

No caso que nos ocupa, a actividade extractiva que se desenvolve ao sur da autovía A6 está levándose a cabo sobre terreos incluídos na Rede Natura 2000, polo que resulta de aplicación o réxime do solo rústico de protección dos espazos naturais, consonte ao disposto no artigo 32, apartado 2 letra f) da LOUG. A actividade extractiva que se desenvolve ao norte da autovía A6 se realiza en terreos non sometidos a ningún réxime especial de protección, polo que resulta de aplicación o réxime do solo rústico de protección ordinaria, consonte ao disposto no artigo 32, apartado 1, da LOUG.

Aínda que as actividades extractivas se están levando a cabo en dúas zonas diferenciadas, na zona norte e na zona sur da autovía A6, ambas forman parte dunha única explotación mineira denominada mina Villalba I nº 5511, constituíndo a explotación unha unidade física que ten que ser contemplada globalmente e non por porcións, sen que poida realizarse a tal efecto unha especie de disección da actividade por unidades de explotación, de forma que cada unha siga o seu propio réxime urbanístico. Por conseguinte, á totalidade dos terreos nos que se emprazan as actividades extractivas resúltalles de aplicación o réxime do solo rústico de protección dos espazos naturais, por ser a categoría que outorga maior protección, de conformidade co disposto no artigo 32.3 da LOUG.

3.- Usos e actividades en solo rústico.

A disposición transitoria décimo segunda da LOUG, no seu parágrafo terceiro, dispón que "as explotacións mineiras, as actividades extractivas de recursos



minerais e os establecementos de beneficio vinculados ás actividades mineiras, cando estas estivesen en activo no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, localizados en calquera categoría de solo rústico especialmente protexido, excepto os mencionados no parágrafo anterior (solo rústico ordinario e de especial protección forestal e das augas) que non contén coa preceptiva licenza urbanística municipal para continuar a súa actividade deberán obtela, logo da autorización do Consello da Xunta, óda a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia e por proposta da consellaría competente en materia de minas. O Consello da Xunta valorará a compatibilidade ou non da explotación cos valores naturais, ambientais, paisaxísticos e de patrimonio cultural existentes ou coa súa vinculación a pactos ambientais.

As actividades extractivas que se están levando a cabo no lugar do Pedroso, Pacios, no termo municipal de Begonte, poderían ser legalizables mediante a obtención da autorización do Consello da Xunta, previa á correspondente licenza urbanística municipal, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

4.- Competencia

A competencia para resolver o procedemento de reposición da legalidade correspóndelle á directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, de conformidade co disposto no artigo 3.f), en relación co artigo 18.b), dos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto 213/2007, do 31 de outubro e no artigo 226.4.f) da LOUG.

CONCLUSIÓN:

As obras executadas poderían ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, polo que de conformidade co disposto no artigo 209.3 b) da LOUG, procede requirir á entidade ERIMSA para que no prazo de tres meses proceda a solicitar a oportuna autorización do Consello da Xunta, ao abeiro da disposición transitoria décimo segunda da LOUG, para poder continuar coa súa actividade, manténdose a suspensión das labores extractivas en tanto esta non sexa outorgada.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2011

A inspectora urbanística,

Rocío Blanco Rey

